**NOTA DE PRENSA**

# O Museo Casa da Troia presenta unha edición conmemorativa do ano xubilar 2010 da novela homónima de Pérez Lugín

## Incorpora un limiar póstumo do impulsor do edificio romántico, Benigno Amor Rodríguez

## O reitor da USC, Juan Casares, realizou esta mañá unha visita e destacou os máis de 4.000 visitantes

## O mércores-15, día en que pecha o museo ata Semana Santa, as visitas serán gratuítas

*Santiago de Compostela, 13 de Nadal de 2010 (Vía Láctea Comunicación)*.- O Museo Casa da Troia recibiu esta mañá a visita do reitor da Universidade de Santiago, Juan Casares, quen ponderou os magníficos datos en canto a visitantes: máis de catro mil en cinco meses. O Museo Casa da Troia aproveitou a visita do reitor, que tamén é o presidente do Padroado, para presentar unha edición conmemorativa do ano xubilar 2010 da novela *La casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín, que inclúe un limiar póstumo do auténtico mecenas e impulsor do edifico romántico, Benigno Amor Rodríguez. Da edición, en rústica, tiráronse setecentos cincuenta exemplares, que se poden mercar no propio museo ao prezo de doce euros.

Benigno Amor Rodríguez (Santiago, 1937-2009) di no seu texto que o museo é a obra dun grupo de nostálxicos “que quixemos perpetuar no vello caserón a pensión que, para o estudante, foi a prolongación da súa casa en Compostela”. O Camiño Novo, a Universidade e o Museo ocupan unhas liñas nas que lembra aos seus amigos Moncho Vilas e Luis Fernández, e os seus partidos de fútbol na Residencia (hoxe Campus Vida); así como aos seus “ilustres mestres” na facultade de Dereito: D’Ors, Menéndez, Remuñán...

O fillo maior de Amor Rodríguez, Benigno Amor Barreiro, tivo palabras de agarimo e agradecemento para seu pai durante a presentación aos medios de comunicación: “Meu pai sería moi feliz hoxe collendo esta edición da novela entre as súas mans, lendo o que el escribiu e véndose case como un personaxe máis do mítico relato de Pérez Lugín. Porque a única afección que tivo na súa vida foi o mundo troiano, a vida universitaria e a cidade compostelá. Esta edición especial é a nosa homenaxe a Benigno Amor Rodríguez pola herdanza que deixou a Santiago”.

No acto tamén se anunciou unha xornada de portas abertas (visitas gratuítas) para o mércores, día 15 de Nadal, data en que pecha o museo. A intención é reabrilo en Semana Santa, segundo manifestou Amor Barreiro –presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns–, quen augurou actividades divulgativas e sociais para o 2011, como charlas, faladoiros e lecturas literarias.

**PRENSA_Manolo Fraga_609 172 304** ***(limiar póstumo na folla seguinte)***
**Benigno Amor Barreiro_661 651 235**

## –PRÓLOGO PÓSTUMO–

### El Camino Nuevo, la Universidad y el Museo

El Camino Nuevo era un barrio entrañable en el que todos formábamos una pequeña gran familia. Recuerdo con nostalgia las tardes de verano en el campo de la Residencia donde Moncho Vilas, Luis Fernández y otros amigos jugábamos partidos de fútbol que duraban hasta cinco horas. El domingo subíamos al “pueblo” luciendo un pantalón bombacho que entre el somier y el colchón de lana, al cabo de la semana, dejaban perfectamente planchado.

En la Universidad encontré nuevos amigos, con los que suelo reunirme una vez al año, en la que damos rienda suelta a las vivencias de una etapa muy hermosa de nuestra vida. Amigos que incorporé a los de mi infancia en el Camino Nuevo, hasta el punto de que algunos de ellos llegaron a formar parte del equipo de fútbol de la Facultad de Derecho, sin pertenecer a ella. Yo soy un ferviente admirador de la institución universitaria porque la Universidad me formó y, como bien nacido, me siento agradecido a aquellos ilustres maestros D’Ors, Aurelio Menéndez, Remuñán…

Políticamente no nos dejaban pensar y tampoco me preocupó mucho todo el movimiento que devino de Mayo del 68. Eran los primeros años de profesión y todas las ansias se cifraban en el trabajo. Quedaban atrás las noches de ronda, los té-bailes del Compostela y los partidos de fútbol en la Residencia. Afortunadamente, aquellos tiempos de antaño fueron como los de hogaño. Sigue valiendo la pena ser joven o, cuando menos, pensar con mentalidad de joven.

La Casa de la Troya es la obra de un grupo de nostálgicos que quisimos perpetuar en el viejo caserón la pensión que, para el estudiante, fue la prolongación de su casa en Compostela. Allí se guarda un capítulo importante de la vida universitaria compostelana.

**Benigno Amor Rodríguez (Santiago de Compostela, 1937-2009)**
**Mecenas del Museo Casa de la Troya**